

Repensando a María

Colm Tóibín e a nai de Xesús

JOAQUIM VENTURA

Nas terras de tradición cristiá non reformada (iso inclúe a católicos e ortodoxos), a figura de María adquiriu unha versatilidade –segundo a vontade dos seus fieis– ben distinta á outorgada ao seu fillo. Así, as advocacións de Xesús soen ser clónicas, sen apenas algunha variación considerable, como o Cristo de Medinaceli ou o Neno Xesús de Praga (o Cristo da Victoria vigués ou o Cristo de Lepanto, en Barcelona, están asociados a feitos de armas). E no calendario marca datas importantes con igual condición nos ciclos do seu nacemento e da súa morte.

En troques, a figura da súa nai está presente ao longo de todo o ano tanto en festas comúns como en advocacións locais ou particulares, cunhas cotas de paixón (velaí o Rocío ou as procesións de Semana Santa en Andalucía) que chegan ao delirio. Dalgunha maneira, con María teríamos a expresión dunha iconofilia oposta ao monoteísmo.

No catolicismo europeo meridional a devoción mariana tivo sempre unha dimensión de arrouto (mesmo nas coleccións de milagres de Gautier de Coinci, Gonzalo de Berceo ou Afonso o Sabio) ou de influencia política (velaí a hexemonía dos bieitos nas “virxes rexionais”: Montserrat, Leyre, Valvanera, Irache). Polo contrario, o outro catolicismo europeo (Irlanda, Alemaña, Polonia) observou sempre unha devoción máis fría, se ben non menos intensa (Knock, Czestochowa). Talvez sexa por iso que reflexionar sobre María, a nai de Xesús, só se poda facer desde a espiritualidade laica ou desde a aparente frialdade dun irlandés católico que non comunga coa doutrina oficial da Igrexa, como fai Colm Tóibín (que é abertamente homosexual) con *The Testament of Mary* (“El testamento de María” na versión castelá de Lumen),

dous anos despois de facelo en inglés. Hai vinte anos xa explorara as entrañas do catolicismo con *O signo da*

cruz: viaxes pola Europa Católica.

Tóibín reflexiona sobre a perplexidade que pode-



Miniatura das *Cantigas de Santa María*.



O escritor irlandés Colm Tóibín.

ría sentir María cando o seu fillo, sen razón aparente, é apresado e sentenciado a morte en apenas unhas horas. Unha muller que está dobremente soa: viúva e desprovista do seu fillo. Lembra cando de ben neno o tiña no seu colo e pensaba que sería quen a coidase cando lle chegase a hora da agonía, pero era ela quen o tiña agora ensanguentado nos seus brazos. Aquel que despois de salvar ao seu amigo Lázaro, agora estaba morto malia que proclamara a súa condición de inmortal canto que era fillo do propio Deus. Tratábase de Xesús, quen semellara, durante as vodas daquel curmán en Caná, que non quería saber nada dela. Un fillo que era un despregue de masculinidade, pero que ía acompañado dun grupo de inadaptados. Un fillo que, polo que dicía e facía, provocaba que ela se sentise unha muller ignorante, parva, submisiva e mal informada se o prevía.

No mundo católico, a figura da Virxe adquiriu gran versatilidade

Quizás Tóibín atribúe a María un perfil sofisticado de máis. Sen negarlle a prudencia, talvez resulta un persoeiro que reflexiona con palabras que non intuimos como probables nunha muller humilde de hai dous mil anos. Si que podemos aceptar o seu desconcerto, mesmo a súa censura das actuacións de Xesús, a inconveniencia das súas compañías. Aquela María que perdera tempo atrás o marido, perdía agora o fillo de maneira cruel e humillante, pendurado nunha cruz. Por seguridade, ela tiña que desaparecer: alguén faría os posibles para que en barco, ela e algúns seareiros –entre eles o discípulo preferido–, saísen cara á costa de Anatolia, acaso con Éfeso como destino.

Unha muller resentida co seu fillo, tentada de consideralo un egoísta, desconsiderado coa súa nai, convencido de ter un destino marcado por Deus, circunstancia que non convence a María. Resentida por non entender que aquela aparición viña supoñer a gran perturbación do mundo e que ela non podía participar.



A piedade (1498-1499) de Michelangelo.

Se a relixión é misterio, un dos grandes misterios da cristiandade ese vén ser o da real dimensión de María. Así, se ben os luteranos non lle negan o valor de ser a nai de Deus, non comparten as visións católica e ortodoxa verbo da súa virxindade na xestación de Xesús nin da ausencia do pecado orixinal cando foi concebida, circunstancia esta que foi elevada á categoría de dogma por Pío IX en 1854.

Nada sabemos de María fóra dos Evanxeos, que diverxen canto ao traxecto de Xesús e a compañía que tivo no Calvario. Así, segundo Mateo e Marcos, Cristo foi ao Sane-

drín e a Pilato; o primeiro escribiu que acompañaban a María a nai de Santiago e a nai dos fillos do Zebedeo; para o segundo había diver-

Relato dun misterio

sas mulleres, entre elas outras tres Marías: a Magdalena, a nai de Santiago o menor e Salomé. Lucas inclúe unha visita ao rei Herodes e,

xa na cruz, diversas mulleres situadas a distancia. En cambio, Xoán especifica a visita a Anás e Caifás, e Pilato, e que quen acompañaba a María na Paixón do seu fillo eran María –a irmá da súa nai e muller de Cleofás–, María Magdalena e o discípulo a quen Xesús amaba (o propio evanxalista).

As calidades que lle foron engadidas ao longo dos séculos desdebuxaron a figura de María ata o punto de facer desaparecer a muller que, sen dúbida, padeceu para substituíla por unha simple seguidora